

## Proxecto “Xestión innovadora para a valorización e resiliencia do espazo forestal”

### FORVALUE

(0577\_FORVALUE\_1\_E)

Este proxecto foi presentado á segunda convocatoria do Programa Interreg V A España Portugal (POCTEP) para fomentar o crecemento sostible a través dunha cooperación transfronteiriza pola prevención de riscos e a mellora da xestión dos recursos naturais. O Comité de Xestión do POCTEP aprobou a concesión dunha axuda para este proxecto o 13 de maio de 2019.

O proxecto iniciouse o 1 de xaneiro de 2018 e finaliza o 30 de decembro de 2021.

#### OBXECTIVO DO PROXECTO

O obxectivo xeral de FORVALUE é aumentar a resiliencia do territorio fronte ao risco de incendios forestais nun contexto de cambio social e climático, a través de:

1. Promover modelos de xestión innovadores no espazo transfronteirizo xeradores de actividade económica a partir da biomasa producida nos montes.
2. Fomentar a implantación de fórmulas asociativas para a xestión da propiedade forestal na Área de Cooperación e promover unha estratexia de intervención innovadora “conectada” internacionalmente.
3. Favorecer a coordinación transfronteiriza na planificación do espazo forestal en materia de valorización e resiliencia a través do uso de novas tecnoloxías.

O interese da AFG por participar neste proxecto ven dado pola situación de montes veciñais en man común de comunidades de montes asociadas que presentan problemas derivados da ausencia de aproveitamentos economicamente viables debido ás súas condicións estacionais. Con este proxecto preténdese realizar actuacións que aumenten a resiliencia destes montes fronte ao risco de incendios forestais.

#### PRINCIPAIS RESULTADOS

Os principais resultados do proxecto son:

1. Implementación dun conxunto de “casos de éxito” de modelos de xestión nos que se combina a mellora do aproveitamento do espazo forestal e da biomasa coa xeración de emprego e o aproveitamento económico do territorio.

2. Implantación de unidades de xestión forestal (como SOFOR e/ou ZIF) de nova creación sobre o territorio da Área de Cooperación con visión transfronteiriza, aliñadas coas estratexias a nivel internacional.
3. Novas estratexias e ferramentas TIC de coordinación transfronteiriza para a planificación e xestión do espazo forestal.

### EMPRESAS COLABORADORAS

- Instituto Galego de Calidade Alimentaria (INGACAL): líder da agrupación
- Asociación Forestal de Galicia
- Consellería de Medio Rural – Xunta de Galicia
- Instituto de Estudos do Territorio
- Universidade de Santiago de Compostela
- Comunidade Intermunicipal do Alto Minho
- Forestis – Associação Florestal de Portugal
- Instituto Politécnico de Viana do Castelo

### DATOS ECONÓMICOS

O importe total aprobado para o proxecto é 1.370.130,14 euros e correspóndelle unha axuda FEDER de 1.027.597,62 euros.

O orzamento total da AFG son 142.397,60 euros e correspóndelle unha axuda FEDER de 106.798,20 euros.